

# Nota de Prensa

## **ANPE PIDE AOS PARTIDOS POLÍTICOS NA ELABORACIÓN DOS PROGRAMAS ELECTORAIS CLARIDADE NAS SÚAS PROPOSTAS EDUCATIVAS PARA QUE O PROFESORADO GALEGO RECUPERE OS DEREITOS SOCIAIS, LABORAIS E ECONÓMICOS PERDIDOS.**

*ANPE pide unha profunda reflexión aos partidos políticos recordando que é o momento da compensación polos esforzos realizados e esixidos ao profesorado galego nos últimos anos.*

ANPE cree chegado o momento de que o profesorado recupere os dereitos laborais, económicos e sociais perdidos durante a crisis e recomenda ao profesorado que esté vixiante as distintas propostas dos partidos políticos que se presentarán o día 25 de setembro ao exame da cidadanía galega ante as urnas e nas que debemos esixir que como mínimo contemplan:

- **A restitución dos dereitos sociais perdidos e unha campaña para prestixiar ante a sociedade galega a labor docente.**
- **Reducir a desproporcionada burocracia dos centros.**
- **A devolución de todas as cantidades detraídas das nosas pagas extras desde o ano 2013 e a normalización do cobro do 100% das mesmas con carácter inmediato. O resto das comunidades autónomas xa as aboaron.**
- **A eliminación dos descontos por incapacidade temporal.**
- **A restitución, como xa fixeron outras comunidades, do cobro de verán aos substitutos con 5,5 meses traballados.**
- **Reposición das condicións laborais anteriores a crise.**

ANPE recorda aos partidos políticos que os docentes galegos do ensino público levan aportado 382.590.000€ desde o ano 2009 para axudar á sociedade galega a saída da profunda crise na que nos vimos sumidos pola mala xestión dos nosos gobernantes. Recordamos á Administración Educativa que, aparte das citadas perdas, o noso traballo viuse amplamente incrementado ao ter que realizar o mesmo traballo cunha merma de 1371 docentes que non foron repostos nos cadros de persoal docente da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Secretaría de Comunicación ANPE.-GALICIA**

Santiago de Compostela 19 de agosto de 2016

**PARA COMPLETAR INFORMACIÓN CHAMAR AO TELÉFONO 615226371**